

CONVOCATORIA PÚBLICA DE CONTRATACIÓN DE PERSONAL PARA COLABORAR EN ACTIVIDADES E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL

A Universidade de Santiago de Compostela convoca Concurso Público Nº **1/2015** para contratar a persoal que especificamente colabore nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos a esta Resolución Reitoral, de acordo coas seguintes bases.

1.-OBJECTO

O obxecto da presente convocatoria é contratar persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran nos anexos I e II da presente convocatoria.

O persoal contratado colaborará especificamente na actividade ou proxecto de investigación para o que é contratado.

2.-REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Para seren admitidos os aspirantes, ademais de cumprir os requisitos específicos esixidos na actividade ou proxecto de investigación para a que realicen a súa solicitude e que figuran no anexo I e II desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes e mantelos ata a data de finalización do contrato, os seguintes requisitos de carácter xeral:

- Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.
- Os estranxeiros que non estando incluídos no parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.
- Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión da titulación válida en España que se indique nos anexos I e II da convocatoria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

- Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

3.-SOLICITUDES

Quen desexe participar neste proceso selectivo deberá solicitalo ao reitor da USC en instancia, segundo o modelo que figura como anexo III desta convocatoria, no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria.

As solicitudes serán presentadas nos Rexistros Xerais da USC, sitos no Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, nos Servizos Centrais do Campus de Lugo, Edificio Biblioteca Intercentros, 27002 Lugo, no Rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, 15782, Santiago de Compostela ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.-DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes, para seren admitidos ao proceso selectivo, acompañaran necesariamente á súa solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos
- As certificacións dos estudos realizados no estranxeiro deberán presentarse coas correspondentes traducións oficiais ao español ou galego, que deberá facerse por un tradutor xurado debidamente autorizado en España.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no anexo I e II da convocatoria.
- Fotocopia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados.

5.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse non seu momento.

6.-COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de selección encargada de resolver esta convocatoria estará composta por:

Presidente: Isabel Rodríguez-Moldes Rey , Vicerreitora de Investigación e Innovación.

Secretario: Emilio Santos Vigo, Xefe do Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D

Vogais:

Rogelio Conde-Pumpido Tourón, Director da Área de Xestión e Valorización de I+D

Dolores Pérez Meiras, investigadora da USC.

O investigador principal da actividade ou proxecto de investigación propoñente da praza, que figura nos anexos I e II destas bases.

A Comisión de selección constituirase para cada unha das prazas que figuren nos anexos I e II destas bases, formando parte da mesma o investigador proponente da devandita praza.

Os membros da comisión deberán de absterse de intervir, notificándollo ao reitor da Universidade, cando concorran neles circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación deste proceso selectivo.

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

Logo da convocatoria do presidente, constituirase a comisión, coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros. Na dita sesión, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso .

A partir da súa constitución a comisión, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes.

A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas así como o que se deberá facer nos casos non previstos.

O investigador propoñente á vista das solicitudes presentadas e dos criterios de baremación publicados deberá presentar á comisión de selección, da que forma parte, un informe razoado no que avaliará e priorizará as solicitudes presentadas.

7.-CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS

As características dos contratos son as establecidas, para cada caso concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

8.-NATUREZA DOS CONTRATOS

A contratación non implica ningún compromiso en canto á posterior incorporación ao cadro de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.

9.-RESPONSABILIDADES SUBSIDIARIAS

As persoas contratadas deberán manter a confidencialidade da actividade que realicen, así como gardar sigilo de todas as cuestións e asuntos inherentes á mesma e das que sexa coñecedor.

10.-CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Os criterios de baremación que se terán en conta serán os que se indican, para cada praza en concreto, nos anexos I e II desta convocatoria.

11.-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

A comisión de selección tendo en conta os criterios de baremación publicados valorará os méritos alegados polos aspirantes. Soamente poderán ser considerados aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Os resultados provisionais publicaranse, establecéndose un prazo de reclamacións de 3 días naturais. Vistas as reclamacións ou transcorrido dito prazo sen que se tivese presentado ningunha, publicaranse os resultados definitivos.

A comisión, para elaborar a proposta de adjudicación ordeará as solicitudes de maior a menor, correspondendo a proposta de adjudicación ao aspirante con maior puntuación. Dita proposta elevarase á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, para a súa adjudicación.

A Comisión de selección en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos dos aspirantes ao perfil obxecto da convocatoria poderá declarar motivadamente a non adjudicación do posto convocado.

12.-NOTIFICACIÓN AOS ASPIRANTES

De acordo co artigo 59.6b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, as publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven que requiran publicación, a efectos de notificación realizaranse no taboleiro de anuncios da Reitoría, única notificación válida, a efectos do artigo antes mencionado.

Así mesmo serán publicadas no taboleiro de anuncios da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e no taboleiro de anuncios da Oficina de Investigación e Tecnoloxía .

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 10.1ª.a) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.


Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2015

Por delegación do Reitor
(Resolución do 19/06/2014, DOG 30/06/2014)
A Vicerreitora de Investigación e Innovación,



Isabel Rodríguez-Moldes Rey



ANEXO I

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. GPC GI-1806 Grupo de Investigación en Neurociencia Cognitiva e Afectiva.
Referencia da actividade: 2014-PG061
Centro de traballo : Facultade de Psicoloxía
Investigador Principal: Fernando Cadaveira Mahía

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Procesado de potenciais evocados relacionados cos procesos cognitivos (ERPs), Codificación e análise estatística dos datos procesados (análes de varianza, factorial...), Preparación de informes e artigos para publicacións científicas. Prospección sobre experimentos e liñas a desenvolver en vindeiros proxectos

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1714 , 29€
Duración do contrato: 3 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo parcial
Categoría: Investigador Asociado

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Doutor en Psicoloxía ou en Neurociencias

MÉRITOS: Valorarase ter máster no ámbito das neurociencias e moi especialmente ter experiencia no procesado, análise e interpretación de actividade eléctrica cerebral relacionada con procesos cognitivos (40 %), experiencia profesional acreditada en investigación. Valorarase especialmente ter artigos publicados en revistas internacionais con factor de impacto (JCR) (30%), entrevista persoal (30%)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. REDES GI-1657 Do Rural que foi ao Rural que vén:reVoltando á Terra. Pasado e futuro dunha Agricultura Sustentable

Referencia da actividade: 2013-PG064

Centro de traballo : Facultade de Xeografía e Historia

Investigador Principal: Lourenzo Fernández Prieto

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: - Conectar os sete grupos e os seus IPs e organizar e dinamizar as reunións de Ips e xerais (unhas 4/5 ao longo do ano) e preparar materiais para elas.2.- Dinamizar a web www.revolta.usc.es e melloralala para dar máis visibilidade ao grupo.- Facer os informes parciais e final da Rede- Traballar na procura de novas fontes de financiamento, así como na preparación dun proxecto

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 800,00€

Duración do contrato: 8 meses e 15 días

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo parcial

Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Enxeñería Forestal, Agroforestal e Agrícola. Licenciado ou Grao en Ciencias Políticas, Económicas, Historia, ou Xeografía.

MÉRITOS: Experiencia de traballo e organización e/ou admistración en grupos de investigación: 20 puntos

Capacidade demostrada en manexo de web's e redes sociais: 20 puntos

Experiencia en xestión e solicitude de proxectos: 30 puntos

Entrevista: Capacidade relacional e comunicativa: 30 puntos

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. GPC GI-1899 Economía Agroalimentaria e Medioambiental, Desenvolvemento Rural e Economía Social (ECOAGRASOC)

Referencia da actividade: 2014-PG041

Centro de traballo : Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)

Investigador Principal: Edelmiro López Iglesias

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Redefinición da páxina web do Grupo.

-Organización de xornadas, seminarios e outras actividades para a difusión dos resultados da investigación do Grupo.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 500,00€

Duración do contrato: 12 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo parcial

Categoría: Técnico Superior de apoio a investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Economía, Xornalismo ou Administración e Dirección de Empresas, Ciencias Políticas ou Enxeñería Agrónoma

MÉRITOS: Expediente académico (na Licenciatura ou Grao): 40 puntos

-Ter realizado un Máster no campo da Economía e expediente obtido no mesmo: 20 puntos

-Experiencia profesional no campo do xornalismo e a comunicación (elaboración e difusión de información): 20 puntos

-Actividades de investigación e publicacións relacionadas coa economía agroalimentaria, o desenvolvemento rural e a economía rexional: 10 puntos

-Coñecemento e/ou experiencia acreditada en programas informáticos, páxinas web e redes sociais: 10 puntos

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. REDES GI-1383 ELC: English Linguistics Circle / Círculo de Lingüística Inglesa
Acrónimo
Referencia da actividade: 2014-PG124
Centro de traballo : Facultade de Filoloxía
Investigador Principal: Teresa Fanego Lema

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Cuestións de procesamento e variación lingüística no inglés da India: 1990-2010.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1173,00€
Duración do contrato: 4 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo completo
Categoría: Investigador en formación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Filoloxía Inglesa. **Deberán estar matriculados nun Programa de Doutoramento na USC**

MÉRITOS: Experiencia previa en contratos con cargo a proxectos relacionados co procesamento e variación lingüísticas: 30%.
-- Experiencia en organización de eventos científicos sobre cognición e linguaxe: 25%.
-- -- Resultados dunha entrevista persoal na que participarán soamente os tres candidatos con maior puntuación: 45%.

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. REDES GI-1251 INMUNOGENOM: Inmunogenómica de enfermidades de peces y moluscos.

Referencia da actividade: 2014-PG138

Centro de traballo : Facultade de Matemáticas. Campus Vida

Investigador Principal: Paulino Martínez Portela

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Aplicación e desenvolvemento de metodoloxía bioinformática relacionadas coa inmunoxenómica de enfermidades de peixes e moluscos

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 820,00€

Duración do contrato: 7,5 meses

Data inicio prevista: : A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo parcial

Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Veterinaria, Bioloxía, Biotecnoloxía, Ciencias do Mar, Ciencias Ambientais e Matemáticas.

MÉRITOS: expediente académico (2 puntos), cursos de bioinformática (0,5 puntos), manexo inglés (0,5 puntos), méritos de investigación (publicacións, congresos, proxectos, estancias relacionadas coa xenómica e/ou bioinformática (1 punto), experiencia en Unix e Linux, linguaxes de programación, manexo avanzado de follas de cálculo, bases de datos xenómicas, manexo de técnicas estatísticas (3 puntos), entrevista persoal (a realizar aos tres mellores candidatos) (3 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. GPC GI-1383 Variación, cambio lingüístico e gramaticalización

Referencia da actividade: 2014-PG066

Centro de traballo : Facultade de Filoloxía

Investigador Principal: Teresa Fanego Lema

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Análisis contrastivo de cambios semánticos nas linguas inglesa e sueca: 1930-1950

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 400,00€

Duración do contrato: 3 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo parcial

Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Filoloxía Inglesa

MÉRITOS: Experiencia previa en contratos relacionados coa lingüística de corpus e o cambio semántico na lingua inglesa: 35%.

-- Coñecementos de sueco a nivel C1: 10%.

-- Estar matriculado nun Máster en Estudos Ingleses: 10%

-- Resultados dunha entrevista persoal na que participarán soamente os tres candidatos con maior puntuación: 45%.

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. REDES GI-1383 ELC: English Linguistics Circle / Círculo de Lingüística Inglesa
Acrónimo
Referencia da actividade: 2014-PG124
Centro de traballo : Facultade de Filoloxía
Investigador Principal: Teresa Fanego Lema

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: a frase nominal inglesa 1970-1990: un estudo de corpus

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 400,00€
Duración do contrato: 3 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo parcial
Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Filoloxía Inglesa

MÉRITOS: Experiencia previa en contratos relacionados coa estrutura da frase nominal inglesa: 30%.

-- Experiencia previa en contratos relacionados coa lingüística de corpus: 10%

-- Estar matriculado nun Máster en Estudos Ingleses: 10%

-- Resultados dunha entrevista persoal na que participarán soamente os tres candidatos con maior puntuación: 50%.

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. GRC GI-1243 Grupo de estudos medioambientais aplicados ó patrimonio natural e cultural
Referencia da actividade: 2014-PG094
Centro de traballo : Facultade de Farmacia
Investigador Principal: Benita Silva Hermo

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Estudos ambientais nos ámbitos de solos, sedimentos e rochas

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1200,00€
Duración do contrato: 6 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo parcial
Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Bioloxía, Enxeñería Xeolóxica, Enxeñería Química, Enxeñería Agrónoma

MÉRITOS: Título de doutor nos ámbitos de ciencias do solo e do medio ambiente (3 puntos), acreditada experiencia en traballos de campo, análises e tratamento de datos de solos e de sistemas de bacías fluviais (5 puntos), entrevista persoal (3 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e Estruturación. REDES GI-1743 TecAnDaLi: TECNOLOXÍAS E ANÁLISE DOS DATOS LINGÜÍSTICOS

Referencia da actividade: 2014-PG117.00

Centro de traballo : CITIUS

Investigador Principal: Francisco Dubert García

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Análise dos requisitos de aplicación GIS web sobre xeolingüística perceptiva. Deseño de interfaces GIS, tanto en Web para xeolingüística perceptiva como em HBBTV para contextualización xeográfica de programas de novas

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1462, 50€

Duración do contrato: 2,5 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo completo

Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Enxeñeiro en Informática ou Telecomunicacións

MÉRITOS: expediente académico (2 puntos), experiencia no desenvolvemento de aplicacións GIS, Web e HBBTV (4 puntos), experiencia no uso de ferramentas NLP e linked data (2 puntos), entrevista persoal (2 puntos). A entrevista realizarase solo aos candidatos que superen os 5 puntos nos apartados anteriores

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e Estruturación. REDES GI-1743 TecAnDaLi: TECNOLOXÍAS E ANÁLISE DOS DATOS LINGÜÍSTICOS
Referencia da actividade: 2014-PG117.01
Centro de traballo : Instituto da Lingua Galega
Investigador Principal: Francisco Dubert García

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Deseño de proba para recollida de estímulos orais dialectais. Tratamento, transcripción e selección de estímulos para o desenvolvemento dunha plataforma de análise perceptiva

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 600, 00€
Duración do contrato: 4 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo parcial
Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Filoloxía Galega ou Lingua e Literaturas Galegas

MÉRITOS: Expediente académico (20 puntos), experiencia en transcripción de textos orais galegos cos programas ELAN ou Exmaralda (35 puntos), experiencia en investigación relacionada co traballo que se realizará (20 puntos), entrevista persoal (25 puntos). A entrevista realizarase solo aos candidatos que superen os 60 puntos nos apartados anteriores

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e Estruturación. REDES GI-1743 TecAnDaLi: TECNOLOXÍAS E ANÁLISE DOS DATOS LINGÜÍSTICOS
Referencia da actividade: 2014-PG117.02
Centro de traballo : CITIUS
Investigador Principal: Francisco Dubert Garcia

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Análise dos requisitos da aplicación web para a análise da circulación de significados e cohesión léxica dos documentos. Deseño da arquitectura orientada a servizos que que dará soporte á aplicación web, cun especial ênfase na facilidade para incluír novas funcionalidades no sistema

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1214,50€
Duración do contrato: 5 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo parcial
Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Enxeñeiro Informática, Telecomunicacións ou Física

MÉRITOS: experiencia no modelado e anotación de documentos a través de repositórios de datos enlazados como DBpedia (4 puntos), experiencia no desenvolvemento de servizos REST (1 punto), entrevista persoal (5 puntos). A entrevista realizarase solo aos candidatos que superen os 4 puntos nos apartados anteriores

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e Estruturación. REDES GI-1743 TecAnDaLi: TECNOLOXÍAS E ANÁLISE DOS DATOS LINGÜÍSTICOS

Referencia da actividade: 2014-PG117.03

Centro de traballo : CITIUS

Investigador Principal: Francisco Dubert Garcia

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Análise dos requisitos de algoritmo de anotacións semântica a través da DBpedia en galego. Adaptación dos algoritmos de anotación semântica de documentos a través da DBpedia en galego para a identificación de conceptos e lugares xeográficos

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1200, 00€

Duración do contrato: 25 días

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo completo

Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Informática ou Telecomunicacións ou Física.

MÉRITOS: experiencia no modelado e anotación de documentos a través de repositorios de datos enlazados como DBpedia (4 puntos), experiencia no desenvolvemento de servizos REST (1 punto), entrevista persoal (5 puntos). A entrevista realizarase solo aos candidatos que superen os 4 puntos nos apartados anteriores

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e Estruturación. REDES GI-1743 TecAnDaLi: TECNOLOXÍAS E ANÁLISE DOS DATOS LINGÜÍSTICOS

Referencia da actividade: 2014-PG117.04

Centro de traballo : Facultade de Matemáticas

Investigador Principal: Francisco Dubert Garcia

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Revisión de técnicas estatísticas para xeolingüística perceptiva. Deseño de ferramentas (estimadores, test de hipóteses) que permitan describir e facer inferencia sobre a percepción dialectal.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 600, 00€

Duración do contrato: 4 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo parcial

Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Matemáticas

MÉRITOS: 1ª parte: expediente académico (2 puntos), coñecementos de programación en R (2 puntos), coñecementos de ferramentas de contraste de hipóteses (2 puntos), manexo de editor de textos científicos (LaTeX) (1 punto), coñecementos de inglés (1 punto). 2ª parte: entrevista persoal (2 puntos). A entrevista realizarase solo aos candidatos que acaden unha puntuación mínima de 6 puntos nos ítems da primeira parte

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e Estruturación. REDES GI-1743 TecAnDaLi: TECNOLOXÍAS E ANÁLISE DOS DATOS LINGÜÍSTICOS
Referencia da actividade: 2014-PG117.05
Centro de traballo : Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.Vigo.Univ. Vigo
Investigador Principal: Francisco Dubert Garcia

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Mellora e desenvolvemento de ferramentas para o repositorio CORILGA. Desenvolvemento do repositorio CORILSE.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 1462, 50€
Duración do contrato: 4 meses
Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección
Xornada laboral: tempo completo
Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Enxeñeiro de Telecomunicacións, Enxeñeiro Informático

MÉRITOS: Expediente académico da Enxeñería (60%).
Máster con especialización en TIC (10%).
Experiencia laboral ou investigadora no desenvolvemento de aplicacións informáticas (15%).
Entrevista (15%).

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e Estruturación. REDES GI-1743 TecAnDaLi: TECNOLOXÍAS E ANÁLISE DOS DATOS LINGÜÍSTICOS

Referencia da actividade: 2014-PG117.06

Centro de traballo : Facultade de Filoloxía e Tradución.Vigo.Univ. Vigo

Investigador Principal: Francisco Dubert Garcia

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Anotación e transcrición de corpus de lingua de signos española. Traballos de mantemento e desenvolvemento da base de datos CORILSE.

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 600, 00€

Duración do contrato: 4 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo parcial

Categoría: Técnico Superior de Apoio a Investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Licenciado/a ou Grao en Licenciatura en

- Licenciatura en Filoloxía Galega
- Licenciatura en Filoloxía Inglesa
- Licenciatura en Filoloxía Hispánica
- Licenciatura en Tradución e Interpretación

Así mesmo, os candidatos deben posuír o título de Técnico superior en interpretación da Lingua de Signos de España.

MÉRITOS: Expediente académico da Licenciatura ou grao (60%),

Máster con especialización lingüística (10%)

Publicacións lingüísticas sobre a Lingua de Signos Española ou na lingüística de corpus das linguas faladas, ou Experiencia investigadora ou laboral coa Lingua de Signos Española ou na lingüística de corpus das linguas faladas (15%)

Entrevista (15%)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. REDES REGALIS: Rede Galega de Líquidos Iónicos

Referencia da actividade: 2014-PG125

Centro de traballo : Facultade de Física

Investigador Principal: Josefa Salgado Carballo

Número de prazas: 1

OBXECTO DA OBRA OU SERVIZO

Traballo a realizar: Apoio na organización das actividades enmarcadas na rede REGALIS.
Actualización da páxina web REGALIS

CONDICIÓNS DO CONTRATO

Retribución bruta mensual: 640, 00€

Duración do contrato: 6 meses

Data inicio prevista: A partir do día seguinte a data da resolución reitoral de selección

Xornada laboral: tempo parcial

Categoría: Axudante de apoio á investigación

REQUISITOS E MÉRITOS DOS CANDIDATOS

REQUISITOS

Titulacións: Bacharelato

MÉRITOS: certificado galego de competencias dixitais en ofimática (40 puntos), experiencia em determinación analíticas em laboratório (20 puntos), coñecemento de inglés a nivel medio (10 puntos), coñecemento básico da teoría de líquidos iónicos (30 puntos)

PROXECTO

Título da actividade: Consolidación e estruturación. GPC GI-1616 Procesos de Separación e Equilibrio entre Fases
